

PREGUNTA 1. FILOSOFÍA E FUNCIONS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (3 puntos)

No seu concello, cun nivel de desemprego importante, vaise crear unha empresa que garante 500 postos de traballo, e deixará un beneficio económico importante para a bisbarra. Trátase dunha macroempresa que produce celulosa, e que empregará 46 millóns de litros de auga diarios que devolverá de novo transformados cara ó mar. A maior parte da vila apoia a decisión, xa que suporía unha mellora laboral importante para moitas persoas desempregadas, e un crecemento económico para a vila.

Unha parte da veciñanza está en contra porque sabe que os danos mediambientais serán irreparables, acelerando o impacto do cambio climático en Galicia, e ademais as xeracións futuras do lugar sufrirán os seus efectos, ao vivir nun ecosistema degradado que pon en risco a súa saúde sen obter ningún beneficio a cambio.

Cal dos dous puntos de vista apoiaría Kant?

Redacte un texto de 20 liñas de extensión máxima no que defenda unha das dúas posturas empregando os conceptos kantianos: vontade, razón, imperativo categórico, imperativo hipotético, fin, medio.

Aínda que a profe non puxo máis indicacións, para que sexa máis parecido ao que se pide na PAU pode escribir o texto coma se fose para o voso blog ou para unha revista, etc..